

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG14I1KJ	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 19-10-20 14:48

Número 68 .- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade relativa á inclusión na relación de rúas do anexo I da ORA á praza de Ponte Castro.

Destinatario

15078DCMG14I1KJ1
²15078DCMG14I1KJ1r»
²15078DCMG14I1KJ1r»

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 19 de outubro de 2020, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

68 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE RELATIVA Á INCLUSIÓN NA RELACIÓN DE RÚAS DO ANEXO I DA ORA Á PRAZA DE PONTE CASTRO.

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, de data 16.10.20, e do informe da xefa do servizo de Mobilidade e Seguridade, da mesma data, co seguinte teor literal:

"INFORME XURIDICO

Recibidas diversas queixas de veciños residentes na rúa Ponte Castro por non atoparse dita rúa na relación de rúas incluídas no Réxime Xeral da ORA, o técnico municipal deste servizo informa que procedería incluír dita rúa no referido listado, incluído no Anexo I da Ordenanza de referencia, tendo en conta ademais de que no plano que forma parte da documentación do expediente de aprobación da ordenanza se inclúe dita rúa.

A Disposición Adicional Primeira da Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación de Aparcamentos e Aparcamentos de Residentes ORA, dispón:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG14I1KJ	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 19-10-20 14:48

A Xunta de Goberno Local, previos os informes dos técnicos competentes e a proposta do Concelleiro competente en materia de Tráfico e Mobilidade, poderá:

- a) Modificar, ben para unha zona concreta ante circunstancias especiais que así o xustifiquen, ou ben para todas as zonas delimitadas de aparcamento ORA no seu conxunto, o horario, a delimitación das zonas, así como as vías e prazas situadas nos distintos sectores de estacionamento limitado. Asemade, poderá tamén realizar ditas modificacións con relación as zonas de residentes.

En base a elo, proponse, que pola Xunta de Goberno Local, a proposta do Concelleiro de Mobilidade e Seguridade, se inclúa na relación de rúas do Anexo I da Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Sistema da ORA a Praza de Ponte Castro, de conformidade coa posibilidade prevista na Disposición Adicional Primeira de dita norma e, tendo en conta, que esta rúa se recolle no plano que tamén forma parte do expediente de aprobación de dita norma.

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE CIDADÁ

Visto o informe da Xefe do Servizo de Mobilidade e Seguridade, desta mesma data, ó que presto a miña conformidade, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

INCLUIR na relación de rúas do Anexo I da Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Sistema da ORA a Praza de Ponte Castro, de conformidade coa posibilidade prevista na Disposición Adicional Primeira de dita norma e, tendo en conta, que esta rúa se recolle no plano que tamén forma parte do expediente de aprobación de dita norma.”

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

INCLUIR na relación de rúas do Anexo I da Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Sistema da ORA a Praza de Ponte Castro, de conformidade coa posibilidade prevista na Disposición Adicional Primeira de dita norma e, tendo en

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG14I1KJ	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 19-10-20 14:48

conta, que esta rúa se recolle no plano que tamén forma parte do expediente de aprobación de dita norma.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE
SANTIAGO**

Asdo:Gumersindo Guinarte Cabada